

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE MAIO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de maio de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 3 de maio de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE "MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA", INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2021 (EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 1/2022)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de "MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA", incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan

Concellos) 2021, na reunión celebrada o día 26 de abril de 2022, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 75 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	GARANTÍA	PUNTOS	MELLORAS	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
HORDESCON S.L.	██████	350.454,95 €	11,40	NON	0	NON	0,00	11,40
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	326.637,08 €	35,00	4 ANOS	10	NÚM. 1	12,93	57,93
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	352.011,40 €	9,86	4 ANOS	10	TODAS	30,00	49,86
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.	██████	406.093,39 €		4 ANOS		TODAS		
NAROM S.L.	██████	351.323,65 €	10,54	4 ANOS	10	NON	0,00	20,54
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	██████	361.965,45 €	0,00	4 ANOS	10	TODAS	30,00	40,00

B/ Criterios cuantificables por xuízo de valor (ata 25 puntos)

(Informe da técnica designada Dona Ana María García Mayo, asinado en data 01/04/22)

LICITADOR	CIF	SUBCRITERIO -1	SUBCRITERIO -2	SUBCRITERIO -3	SUBCRITERIO -4	SUBCRITERIO -5	SUBCRITERIO -6	PUNTUACIÓN TOTAL
HORDESCON S.L.	██████	5,70	3,40	2,70	2,05	0,00	2,70	16,55
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	5,50	2,30	2,00	1,85	0,00	2,35	14,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	7,15	3,15	2,40	2,05	3,00	2,70	20,45
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.	██████	3,65	1,80	0,40	0,70	0,00	1,05	7,60
NAROM S.L.	██████	7,30	3,45	1,40	2,70	0,00	2,70	17,55
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	██████	7,15	3,70	1,90	1,85	0,00	2,75	17,35

C/ Resume da puntuación

LICITADOR	CIF	CRITERIOS AUTOMÁTICOS	CRITERIOS XUIZO VALOR	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	57,93	14,00	71,93
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	49,86	20,45	70,31
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	██████	40,00	17,35	57,35
NAROM S.L.	██████	20,54	17,55	38,09
HORDESCON S.L.	██████	11,40	16,55	27,95
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.	██████	-----	-----	-----

2º.- A Mesa propón ao órgano de contratación, por unanimidade, a exclusión do procedemento do licitador Asfalgal Técnicas Viarias S.L., por incumprimento da cláusula 16ª do prego, ao superar a oferta económica presentada (406.093,39 €) o orzamento base de licitación da obra (361.965,45 €). Asemade e polo mesmo quórum, propón a adxudicación da obra a favor do

licitador Construcciones Leonardo Miguélez S.L., quen acadou a maior puntuación na valoración dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

3º.- O licitador proposto Construcciones Leonardo Miguélez S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 18ª.1 do prego (RS-E núm. 121, do 28/04/22).

4º.- Con data 5 de maio do corrente (RE núm. 714) dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato no ámbito territorial da realización da obra obxecto de licitación.
- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 13.497,40 €, mediante aval da entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., estendido con data 04/05/22 (registro núm. ██████████).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Excluir definitivamente ao licitador Asfalgal Técnicas Viarias S.L., por incumprimento da cláusula 16ª do prego, que literalmente dispón: “(...) As ofertas económicas que presenten os licitadores non poderán superar en

ningún caso o importe sinalado como orzamento base de licitación. Este prezo poderá ser mellorado á baixa polos licitadores”.

Segundo.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 269.948,00 €

IVE: 56.689,08 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Trescentos vinte e seis mil seiscientos trinta e sete euros con oito céntimos (326.637,08 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Quinto.- Designar á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso como directora facultativa da obra, e a Dona María Elena Somoza Calviño como coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO DA TORRE”, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2021-2022 E NO PLAN CONCELLOS 2021

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 e final e a liquidación correspondente á obra de “Mellora de camiño da Torre”, incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2021-2022 e no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, por importe de DEZ MIL CATROCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (10.437,76 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola enxeñeira de camiños, canais e portos e directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte ao contratista CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 10.437,76 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2022-0136 (FACe), de data 20/04/22, estendida pola sociedade adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 4 de maio de 2022, na que se fai constar que “as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra e de melloras realizadas estendido pola dirección facultativa en data 20/04/22.

Sexto.- Aprobar a acta de prezos contraditorios de data 17/12/21, asinada pola contratista e a dirección da obra.

4.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL INDEFINIDO DO CONCELLO

— Raquel Blanco Valladares

Con data 10 de febreiro do corrente (RE núm. 210) Dona Raquel Blanco Valladares, traballadora laboral indefinida do Concello coa categoría de mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI), presenta minuta asinada para o

recoñecemento de sete e media (7,5) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o mes de xaneiro de 2022. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2022, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de sete e media (7,5) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de maio de 2022.

— Inés Vence Lamas

Con data 3 de maio do corrente (RE núm. 687) Dona Inés Vence Lamas, traballadora laboral indefinida do Concello coa categoría de mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI), presenta minuta asinada para o recoñecemento de catro (4) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante os meses de febreiro e marzo de 2022. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2022, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de catro (4) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de maio de 2022.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 30,00 €
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 21468.
- RAIOLA NETWORKS S.L. 93,19 €
Por hosting anual do dominio *rodeiro.gal*, s/factura núm. AD2022-26.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 € E 130,44 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6V70001372 e TA6V70001373 (FACe).

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,99 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-E2U1-110294 e 28-E2DD-039765 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 471,27 €
Por seguro semestral do camión vello de recollida do lixo, s/recibo.
- YOLANDA AGUIAR JORGE 198,90 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2018), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 183,60 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2018), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- JOSÉ CARBALLO SUÁREZ 183,60 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2018), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 198,90 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2018), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- MANUELA SOBRIDO BRETAL 635,25 €
Honorarios por asistencia letrada en procedemento de xuízo verbal 750/2021 ante o Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 de Lalín, s/factura núm. 17/2022.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 527,26 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 517.
- ANA MARÍA GARCÍA MAYO 665,50 €
Honorarios por redacción de informe técnico de valoración de proposicións presentadas na licitación de obra incluídas no Plan Concellos 2021, s/factura núm. 5_22.

- CONSULTORÍA ICAL S.L. 2.069,10 €
Por abono restante do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2021, s/factura núm. 2021.015.
- M^a ELENA JORGE MATO 64,98 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- MAPFRE VIDA S.A. 782,46 €
Por seguro anual de accidentes da AVPC, s/recibo.
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 2.704,59 €
Por prestación de servizo de reforzo temporal do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), no mes de marzo de 2022, s/factura núm. 22A00041 (FACe).
- SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI 1.780,00 €
Por transporte e seguro de menores participantes no programa “Vacacións en Paz 2021”, s/factura núm. 0026/22 (Convenio autorizado por este órgano con data 18/04/22).
- PIRATE DE VIAJE S.L. 2.303,00 €
Por organización de excursión para a terceira idade, s/factura núm. 000090/22.
- AGROCAMBA V. FARO S.L. 363,20 € E 155,00 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/facturas núm. 22FV 175 e 22FV 332.
- PABLO GARCÍA PAIS 943,94 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2022-0060.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 272,25 € E 598,95 €
Por traballos de poda de árbores en vías municipais, s/facturas núm. 3/2022 e 6/2022.

- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L.U.
220,00 €
Por servizo de recollida e transporte de plásticos agrícolas, s/factura
núm. 22097 (FACe).
- ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA EMOCIONARTE 250,00
€
Por organización de contacontos e obradoiro durante a Semana Santa,
s/factura núm. 5.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.124,82 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños
municipais, s/factura núm. 0041165243 (FACe).
- HORMIGONES DEZA S.L.U. 671,31 €
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 3144
(FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)